

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS CURRICULARES NON REMUNERADAS DO ALUMNADO DO GRAO EN FILOLOXÍA APLICADA GALEGA E ESPAÑOLA NA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO

REUNIDOS

Dunha parte, Román Rodríguez González, conselleiro de **Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e da súa presidencia, modificada pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 138/2024, do 20 de maio (DOG nº 101, do 27/05/2024), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Doutra parte, D. Manuel Joaquín Reigosa Roger, Reitor Magnífico da **Universidade de Vigo**, con CIF Q8650002B, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 110/2022, do 9 de xuño (DOG nº 117, do 20/06/2022), de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, e o artigo 29 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, e publicados no DOG nº 38, do 22 de febreiro do 2019. Con enderezo no Edificio Exeria, campus universitario, 36310 Vigo.

Ambas as partes en virtude de poderes suficientes ou capacidades, que manifestan non lle foron modificados nin revogados, para comparecer neste acto e vincularse. Así mesmo recoñécense plena capacidade e lexitimación bastante para a formalización do presente convenio, e aos efectos

EXPOÑEN



Primeiro.- A adecuación dos programas educativos ás necesidades do mundo laboral, o cooperativismo e as entidades de ensino e investigación constitúe unha das preocupacións das universidades galegas.

Segundo.- O complemento que para a formación da/o estudante supón o coñecemento da realidade das entidades de ensino e investigación no ámbito das ensinanzas teóricas impartidas ao alumnado é un dos obxectivos que as universidades do SUG consideran de maior importancia.

Terceiro.- Ambas as partes consideran necesario un maior acercamento entre o ámbito educativo das Escolas Oficiais de Idiomas e a Universidade, co obxecto de facilitar a futura inserción laboral dos universitarios mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas en entidades de ensino, acadando ao mesmo tempo a mellor cualificación e futura adaptación aos postos de traballo demandados por elas.

Cuarto.- Todo isto evidencia a necesidade dun convenio que enmarque a cooperación educativa entre os asinantes e delimite as garantías recíprocas das/os estudantes e a Escola Oficial de Idiomas de Vigo no desenvolvemento do período de prácticas.

En consecuencia, acordan formalizar o presente Convenio de Colaboración a teor das seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- OBXECTO

As partes asinantes acordan establecer un programa para a realización de prácticas académicas externas curriculares non remuneradas do alumnado na sede central da Escola Oficial de Idiomas de Vigo.

A través do presente convenio fíxanse as pautas e mecanismos de colaboración entre as partes (sen custo algún para a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional) coa finalidade de establecer unha adecuada programación, desenvolvemento e verificación da colaboración.



Segunda.- DOCENCIA TEÓRICO-PRÁCTICA E PRÁCTICAS TUTELADAS

Especificáanse no Proxecto Formativo da Universidade.

Terceira.- PERSOAS TITORAS

As funcións de quen titorice serán as indicadas na cláusula quinta, apartado d. As persoas titoras da Escola Oficial de Idiomas terán dereito, a pedimento propio, a que se lles acredite documentalmente pola Universidade a colaboración efectuada.

Cuarta.- NÚMERO DE PRAZAS DO ALUMNADO

O número de prazas que se convocarán para realizar as prácticas será establecido anualmente pola Escola Oficial de Idiomas de Vigo e será dun máximo 5 estudantes distribuídas/os nun número non maior de 3 en cada departamento (Galego e Español).

Quinta.- RÉXIME DA REALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS

As prácticas académicas externas levaranse a cabo de acordo coas seguintes normas:

a) PERSOAS DESTINATARIAS

Poderá participar nas prácticas o alumnado do Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española da Universidade de Vigo.

b) PERÍODO

O tempo de realización de prácticas tuteladas por parte do alumnado será o número de horas recollido no plan de estudo correspondente. As prácticas terán que desenvolverse entre os meses de xaneiro e abril, ambos os dous incluídos.

c) TITORIZACIÓN DAS PRÁCTICAS

Tanto a Escola Oficial de Idiomas como a Universidade de Vigo, respectivamente, designarán senllos titores que se encargarán do seguimento das prácticas, supervisarán a súa realización e emitirán un informe final sobre o seu contido e avaliación.

Deste xeito, as persoas correspondentes en ambas institucións deberán asinar un documento en que figure perfectamente detallado cal será a tarefa da/o estudante, o





período exacto das prácticas, así como un apartado para un informe breve de ambas as persoas titoras, onde se indique cal foi o nivel de aproveitamento da/do estudante e a súa apreciación sobre a súa capacidade.

d) DEREITOS E OBRIGAS DA PERSOA TITORA DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS

A persoa titora terá os seguintes dereitos:

1. Ao recoñecemento da súa actividade colaboradora, por parte da universidade, en forma de certificado, de ser requirido pola persoa interesada.
2. A ser informada acerca da normativa que regula as prácticas externas, así como do Proxecto Formativo (Guía docente da materia) e das condicións do seu desenvolvemento.
3. A ter acceso á Universidade para obter a información e o apoio necesarios para o cumprimento dos fins propios da súa función.

Tamén terá os seguintes deberes:

1. Acolloer as/os estudantes e organizar a actividade que se desenvolverá de acordo co establecido no Proxecto Formativo.
2. Supervisar as súas actividades, orientar e controlar o desenvolvemento da práctica cunha relación baseada no respecto mutuo e no compromiso coa aprendizaxe.
3. Informar ás/os estudantes da organización e funcionamento da entidade, e da normativa de interese, especialmente a relativa á seguridade e riscos laborais.
4. Coordinar coa persoa titora académica da universidade o desenvolvemento das actividades establecidas, incluíndo aquelas modificacións do plan formativo que poidan ser necesarias para o normal desenvolvemento das prácticas, así como a comunicación e resolución de posibles incidencias que puidesen xurdir no desenvolvemento destas e o control de permisos para a realización de exames.
5. Emitir o informe final de prácticas.
6. Proporcionar a formación complementaria que precisen as/os estudantes para a realización das prácticas.
7. Proporcionarlles ás/aos estudantes os medios materiais indispensables para o desenvolvemento das prácticas.



8. Facilitar e estimular a achega de propostas de innovación, mellora e emprendemento por parte das/dos estudantes.
9. Facilitarlle á persoa titora académica da universidade o acceso á entidade para o cumprimento dos fins propios da súa función.
10. Gardar confidencialidade en relación con calquera información que coñeza das/os estudantes como consecuencia da súa actividade como persoa titora.
11. Prestarlles axuda e asistencia ás/aos estudantes, durante a súa estancia no centro, para a resolución daquelas cuestións de carácter profesional que poidan necesitar no desempeño das actividades que realizan neste.

e) CONTIDO DAS PRÁCTICAS

O contido específico das prácticas tratará de proporcionarlle á/ao estudante unha visión do ensino de linguas acorde cos estudos que se realizan na Escola Oficial de Idiomas.

f) MEMORIA DAS PRÁCTICAS

Ao rematar o período de prácticas cada estudante deberá realizar unha memoria final sobre o traballo desenvolvido.

g) PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN

A Universidade realizará a avaliación das prácticas a través das súas persoas titoras, tendo en conta a memoria elaborada pola/o estudante e o informe final de prácticas realizado pola persoa titora da Escola Oficial de Idiomas.

h) CERTIFICACIÓN DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS

No caso de que a avaliación final á que se refire o apartado g) sexa favorable, a Escola Oficial de Idiomas -a través da persoa titora- emitirlle a cada estudante que participase con regularidade nas prácticas unha certificación en que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos, investigacións etc., realizados nela. A certificación deberá especificar que carece de efectos académicos.



i) EFECTOS DAS PRÁCTICAS

A realización das prácticas tuteladas polo alumnado poderá supoñer o recoñecemento de créditos prácticos necesarios para a obtención dos títulos correspondentes, segundo a convocatoria específica de cada curso.

l) RELACIÓN COA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS

As/Os estudantes en prácticas non terán, en ningún caso, vinculación laboral coa Escola Oficial de Idiomas, nin estarán suxeitas/os a ningún tipo de contrato en prácticas, aprendizaxe, tempo parcial nin de calquera outra modalidade existente.

O alumnado en prácticas non poderá realizar tarefas de carácter laboral, estando estas sempre orientadas ás prácticas e cunha aprendizaxe titorizada.

O alumnado en prácticas non poderá ser alumnado oficial da Escola Oficial de Idiomas de Vigo nos idiomas obxecto do convenio no mesmo curso académico en que realice as prácticas.

m) DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO

Durante a realización das prácticas académicas externas, as/os estudantes terán os seguintes dereitos:

1. Á tutela, durante o período de duración da correspondente práctica, por un/unha docente da universidade e pola persoa titora da Escola Oficial de Idiomas.
2. Á avaliación de acordo cos criterios establecidos pola Universidade asinante.
3. Á obtención dun informe por parte da persoa titora da Escola Oficial de Idiomas de Vigo, coa mención expresa da actividade desenvolvida, a duración e, no seu caso, o rendemento.
4. A conciliar, no caso de estudantes con discapacidade, a realización das prácticas con aquelas actividades e situacións persoais derivadas ou conectadas coa súa situación de discapacidade.

Así mesmo, as/os estudantes deberán atender ao cumprimento das seguintes obrigas:



1. Cumprir a normativa vixente relativa ás prácticas externas establecida pola universidade.
2. Coñecer e cumprir o Proxecto Formativo das prácticas, seguindo as indicacións da persoa titora da Escola Oficial de Idiomas, baixo a supervisión da persoa titora académica da universidade.
3. Manter contacto coa persoa titora académica da universidade durante o desenvolvemento da práctica e comunicarlle calquera incidencia que poida xurdir neste, así como facer entrega dos documentos que lle sexan requiridos e a memoria final.
4. Incorporarse ao centro na data acordada, asumindo os gastos de desprazamento a este; cumprir o horario previsto no proxecto educativo e respectar as normas de funcionamento, seguridade e prevención de riscos laborais do centro.
5. Cumprir o Proxecto Formativo e as actividades acordadas coa Escola Oficial de Idiomas con dilixencia.
6. Elaborar a memoria final das prácticas e, no seu caso, o informe intermedio.
7. Gardar a confidencialidade en relación coa información interna do centro, e gardar segredo profesional sobre as súas actividades, durante o período de prácticas desenvolvidas nel e finalizado este.
8. Mostrar, en todo momento, unha actitude respectuosa coas normas do centro, salvagardando o bo nome da universidade á que pertence.
9. Calquera outro deber previsto na normativa vixente e nos correspondentes Convenios de Cooperación Educativa subscritos pola universidade asinante coa entidade colaboradora, Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Sexta.- SEGURIDADE DO ALUMNADO E RESPONSABILIDADE CIVIL

Os riscos de enfermidade ou accidente estarán cubertos polo correspondente seguro escolar para as/os estudantes menores de vinte e oito anos ou, se é o caso, polo réxime xeral da seguridade social, de se tratar de alumnado incluído no ámbito de aplicación do Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro (BOE nº 259, do 27 de outubro). A cobertura para as/os estudantes maiores de vinte e oito anos rexerase polo establecido para o efecto na Universidade de Vigo.



A cobertura dos riscos derivados da responsabilidade civil do alumnado que realiza prácticas tuteladas queda garantida pola Universidade de Vigo.

Sétima.- COMPETENCIAS DA UNIVERSIDADE

A distribución de estudantes e a súa selección será competencia da Comisión Académica do Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española, así como a organización de apoio teórico e práctico para o desenvolvemento das prácticas.

Conforme ao establecido na disposición adicional quincuaxésima segunda do Real decreto 2/2023, do 16 de marzo, e polo desenvolvemento normativo establecido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social (TXSS), será responsabilidade da Universidade de Vigo o cumprimento das obrigas en materia de seguridade social das prácticas curriculares non remuneradas do seu alumnado.

Oitava.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Créase unha comisión de seguimento do presente convenio integrada por dúas persoas que designe a Universidade de Vigo e dúas persoas que designe a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

A comisión de seguimento terá as seguintes competencias con relación ás prácticas tuteladas:

1. Resolver os problemas que suscite na súa execución.
2. Interpretar e aplicar, con carácter xeral, as estipulacións deste convenio, así como controlar o seu cumprimento e resolver os conflitos entre partes.
3. Tomar medidas en relación ás incidencias que xurdan na realización das prácticas, incluída a expulsión de estudantes que non cumpran as cláusulas do convenio.

A comisión reunirse cando así o considere necesario calquera das partes e, polo menos, unha vez ao inicio de cada curso académico.

Novena.- NORMATIVA APLICABLE SUPLETORIA

Ao presente convenio seralle aplicable subsidiariamente a seguinte normativa:

- I. Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (artigos 47 e seguintes).



- II. Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias.
- III. Normativa de prácticas académicas externas da universidade asinante.
- IV. Normativa do Plan de estudos da titulación.
- V. Real decreto 592/2014 do 11 xullo polo que se regulan as prácticas académicas dos estudantes universitarios.

Este convenio queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (artigo 6).

Décima.- ORZAMENTO

Este convenio non supón ningún custo para a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional nin para a Universidade de Vigo, polo que non precisa consignación orzamentaria.

Décimo primeira.- VIXENCIA

O convenio terá efectos desde a súa sinatura e a súa duración será de catro anos, podendo prorrogarse de forma expresa para os seguintes catro anos de común acordo polas partes por medio dunha addenda ao convenio de colaboración, ao abeiro do estipulado no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, e en tanto non se denuncie expresamente como mínimo cun ano de antelación.

En todo caso, non se poderá resolver mentres existan estudantes realizando prácticas.

Décimo segunda.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Serán causa de resolución do convenio:

- a) O mutuo acordo das partes.
- b) O incumprimento das súas estipulacións, previa reunión da comisión de seguimento.
- c) As demais causas de resolución do artigo 51.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Décimo terceira.- REXISTRO DE CONVENIOS. TRANSPARENCIA E BO GOBERNO

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso dos interesados á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de



conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, coa sinatura deste convenio as partes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que aparecen nel poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Décimo cuarta.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas e, polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas, para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público. As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, a persoa interesada deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica).

Décimo quinta.- ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG do 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais, e tamén será aplicable á cidadanía, que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, as cidadás e os cidadáns deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de



protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

Décimo sexta.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL E GARANTÍA DOS DEREITOS DIXITAIS

1) Tratamento dos datos persoais das partes asinantes deste convenio

Os datos persoais dos asinantes deste convenio serán tratados por cada unha das partes co fin de xestionar a súa formalización e desenvolvemento, sendo imprescindible para iso que inclúan os seus datos identificativos, a representación da capacidade que ostenten e a súa sinatura. A base lexitimadora do tratamento dos datos persoais dos asinantes é o cumprimento dunha misión realizada en interese público baseada na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na necesidade de tratar os devanditos datos para a execución do convenio subscrito.

Respecto dos datos persoais sobre os que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar ante esta o acceso, rectificación e supresión dos seus datos persoais, así como exercitar outros dereitos recoñecidos nos artigos 15 a 22 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (en diante, RXPDP) a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/es/informacion-xeral-proteccion-datos>.

En canto aos datos persoais sobre os que a Universidade de Vigo ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar da devandita entidade o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como exercer outros dereitos recoñecidos no RXPDP a través de dpd@uvigo.gal. Así mesmo, as partes garanten o cumprimento do deber de información previsto no artigo 13 do RXPDP respecto do persoal ao seu servizo, propio ou alleo, cuxos datos persoais sexan comunicados entre as partes para a execución dos seus compromisos.



2) Tratamento de datos persoais no desenvolvemento do presente convenio

As partes asinantes respectarán o segredo profesional e, en consecuencia, manterán a absoluta confidencialidade e reserva sobre todos os documentos, datos e informacións que lle faciliten durante a execución do convenio. Así mesmo, comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dos dereitos dixitais. Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o RXPd e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados. Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Respecto ás comunicacións de datos persoais que como resultado do normal desenvolvemento do obxecto deste convenio se produzan entre as partes, actuando ambas na súa condición de responsables do tratamento, estas comprométense a informar ás persoas afectadas do tratamento dos datos persoais que efectuarán na súa calidade de responsables así como a atender de forma dilixente e colaborar mutuamente para a adecuada atención das solicitudes de exercicio dos dereitos recoñecidos nos artigos 15 a 22 do RXPd.

A/O estudante en prácticas que por razón das actividades formativas teña acceso, en calquera fase do tratamento, a datos de carácter persoal, non revelará a persoa allea á Escola Oficial de Idiomas información da que tivese coñecemento, nin a utilizará ou dispoñerá dela dun xeito ou cunha finalidade distinta á esixida polas accións formativas, obriga que subsistirá aínda despois de rematadas as ditas actividades formativas, respondendo en caso de incumprimento do deber de secreto fronte á escola, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa puidesen derivarse ante a Axencia Española de Protección de Datos.



Para tal efecto a/o estudante poderá asinar coa escola un documento en que se obrigue a cumprir o deber de secreto antes citado.

Décimo sétima.- CONDICIÓNS DE RESCISIÓN DA PRÁCTICA

O incumprimento por parte da/do estudante das súas obrigas ante a entidade colaboradora poderá determinar a perda automática dos seus dereitos como alumna/o en prácticas.

O feito demostrado de que as prácticas na entidade non se axusten ao acordado coa coordinación do título poderá ser motivo de rescisión delas e, neses casos, a comisión de seguimento deberá buscar unha solución de complemento para o período restante.

Décimo oitava.- XURISDICIÓN

As partes comprométense a resolver amigablemente as diferenzas que puidesen xurdir, a través da comisión de seguimento.

Non obstante, recoñécese a xurisdición contencioso-administrativa como competente para dirimir cuestións litixiosas que puidesen xurdir na aplicación deste convenio.

Santiago de Compostela,

Pola Consellería de Educación, Ciencia,
Universidades e Formación Profesional

Pola Universidade de Vigo

D. Román Rodríguez González
Conselleiro de Educación, Ciencia,
Universidades e Formación Profesional

D. Manuel Joaquín Reigosa Roger
Reitor da UVIGO

